



CONCELLO DE TORDOIA (A Coruña)
Telfs.981-690001/690128-Fax: 981-690005
www.servizos.sociais@tordoia.gal



BANDO

Don **ANTONIO PEREIRO LIÑARES**, alcalde do Concello de **TORDOIA**
(A Coruña)

FAI SABER

Que pola Resolución de 13 de novembro de 2017, do IMSERSO, se convocan prazas para pensionistas que desexen participar no Programa de **TERMALISMO SOCIAL** (BOE nº 289 do 28/11/2017).

Requisitos:

- Ser pensionista de xubilación ou incapacidade permanente do sistema de Seguridade Social español.
- Ser pensionista de viudedade con 55 ou mais anos de idade do sistema de Seguridade Social español.
- Ser pensionista por outros conceptos ou perceptor de prestacións ou subsidios de desemprego, con sesenta ou máis anos de idade do Sistema de Seguridade Social español.
- Ser asegurado ou beneficiario do Sistema da Seguridade Social español, con sesenta e cinco ou máis anos de idade

Se admitirán, como acompañantes o cónxuxe, parella de feito ou persoa con relación análoga de afectividade á conxugal e os fillos con discapacidade igual ou superior ao 45%.

Se a temporada pasada a persoa solicitou praza e reunía os requisitos para participar no programa, o IMSERSO remitiralle por correo un modelo simplificado para a renovación da súa solicitude. Se accede por primeira vez ao Programa ou volve a solicitalo logo de non telo feito no ano 2016, deberá formalizar nova solicitude.

Prazos:

Para as quendas dos meses de febreiro ata agosto (ambos inclusive): ate o día 4 de xaneiro de 2018

Para as quendas dos meses de setembro a decembro (ambos inclusive): ate o día 11 de maio de 2018.

Presentación de solicitudes e máis información: Servizos Sociais Comunitarios

Tordoia 29 de novembro de 2017

O alcalde